

ANEXO III

DATOS DA ACTIVIDADE

TÍTULO XENERICO DO PROXECTO	
TEMAS ELIXIDOS	Nº DE PARTICPANTES
NIVEL EDUCATIVO PARA O QUE PRESENTA O TRABALLO <input type="checkbox"/> INFANTIL <input type="checkbox"/> PRIMARIA <input type="checkbox"/> SECUNDARIA <input type="checkbox"/> CICLOS FORMATIVOS	
1.- DESCRICIÓN DO PROXECTO	
_____ _____ _____ _____	
2.- OBXECTIVOS	
_____ _____ _____ _____	
3.- METODOLOXÍA	
_____ _____ _____ _____	
4.- ACTIVIDADES	
_____ _____ _____ _____	
5.- DIMENSIÓN EUROPEA	
_____ _____ _____ _____	
6.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
_____ _____ _____ _____	

Resolución conxunta do 29 de agosto de 2003, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e do Instituto Galego de Consumo, pola que se convoca un concurso de premios entre escolares de niveis non universitarios para a elaboración de debuxos, bandas deseñadas, carteis e relatos curtos sobre a educación do consumidor.

O Instituto Galego de Consumo e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, conscientes da necesidade de forma-los alum-

nos/as da Comunidade Autónoma Galega cara á adquisición do espírito crítico que lles permita enfrontarse ás múltiples e diversas ofertas da sociedade de consumo, e elixir de maneira libre e responsable, convocan para o ano 2003 un concurso de premios a debuxos, bandas deseñadas, carteis, e relatos curtos sobre a educación do consumidor na escola, invitando os escolares galegos a reflexionar sobre a sociedade de consumo e a que utilicen como medio a creación artística e literaria.

Por todo isto,

DISPOÑEMOS:

Convocar un concurso de debuxos, bandas deseñadas e carteis, e relatos curtos, en materia de edu-

cación do consumidor de acordo coas seguintes bases:

Primeira.-Poderán participar neste concurso todos os alumnos e alumnas matriculados en centros de niveis educativos non universitarios da Comunidade Autónoma Galega.

Segunda.-Os premios distribuiranse do xeito seguinte:

-Un premio para o mellor cartel ou debuxo colectivo, sobre tema de consumo, realizado por alumnado de educación infantil, dotado con 750 euros, dos que 300 euros se investirán na adquisición de material didáctico, lúdico, etc., para o gañador e 450 euros no centro onde cursen os seus estudos os rapaces/as gañadores/as.

-Un premio para o mellor debuxo colectivo, sobre tema de consumo, realizado por alumnos ou alumnas de 1º e 2º ciclo de educación primaria, dotado con 900 euros, dos que 390 euros se investirán na adquisición de material didáctico, lúdico, etc., para o gañador e 510 euros no centro onde cursen os seus estudos os rapaces/as gañadores/as.

-Un premio para a mellor banda deseñada colectiva (historia en viñetas sobre un tema de consumo) dos alumnos e alumnas do 3º ciclo de educación primaria, dotado con 900 euros, dos que 390 euros se investirán na adquisición de material didáctico, lúdico, etc., para o gañador e 510 euros no centro onde cursen os seus estudos os rapaces/as gañadores/as.

-Un premio para a mellor banda deseñada colectiva (historia en viñetas sobre un tema de consumo) dos alumnos e alumnas do 1º ciclo da ESO, dotado con 1.050 euros, dos que 450 euros se investirán na adquisición de material didáctico, lúdico, etc., para o gañador e 600 euros no centro onde cursen os seus estudos os rapaces/as gañadores/as.

-Un premio para o mellor relato curto de ficción sobre un tema de consumo para os alumnos/as do segundo ciclo da ESO, bacharelato LOGSE, ciclos formativos, formación profesional de 1º e 2º grao, BUP e COU, dotado con 1.200 euros, dos que 540 euros se investirán na adquisición de material didáctico, lúdico, etc., para o gañador ou gañadores e 660 euros corresponderán ó centro onde cursen os seus estudos os rapaces/as gañadores/as. Estes relatos curtos terán unha extensión máxima de 4 follas a dobre espazo DIN-A4 por unha soa cara.

-Un premio para o mellor debuxo presentado por alumnos e alumnas de escolas de arte, dotado con 1.200 euros, dos que 540 euros se investirán na

adquisición de material didáctico, lúdico, etc., para o gañador ou gañadores e 660 euros serán para a escola onde cursen os seus estudos os rapaces/as gañadores/as.

Terceira.-O prazo de presentación dos traballos remata o día 31 de outubro de 2003.

Cuarta.-Os traballos deberanse presentar nos servizos centrais ou provinciais do Instituto Galego de Consumo, no modelo que figura como anexo desta resolución, sendo en todo caso aplicable o disposto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa actual redacción, dirixidos ó presidente do Instituto Galego de Consumo, acompañados dun certificado do centro onde o/os concursante/s efectúe/n os seus estudos, nos que consten os datos do alumno, nivel educativo, curso, ciclo ou modalidade que realiza.

Quinta.-Os premios que se concedan (contía global máxima de 6.000 euros), faranse efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 08.50.343A.640.0 do Instituto Galego de Consumo, na que existe crédito axeitado e suficiente, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2003.

Sexta.-A concesión dos premios farase por proposta dun xurado nomeado polo presidente do Instituto Galego de Consumo e o director xeral de Centros e Ordenación Educativa.

Séptima.-A decisión do xurado, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*, será inapelable e poderán ser declarados desertos calquera premio anunciado ou, de se-lo caso, e se o xurado o determina, ser acumulados entre si, ou compartidos.

Oitava.-A participación no concurso supón a aceptación de todas as súas bases, así como a cesión do dereito da propiedade no caso dos carteis, cómics ou debuxos e os traballos de redacción gañadores, nos que poderán introducirse as variacións que se consideren máis axeitadas á súa finalidade.

Disposición derradeira

Nos aspectos non previstos nesta resolución haberá que aterse ó disposto no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ambas na súa actual redacción.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2003.

Víctor Tello Calvo Alberto Rodríguez Armesto
Presidente do Instituto Director xeral de Centros
Galego de Consumo e Ordenación Educativa

ANEXO



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
 INDUSTRIA E COMERCIO

PROCEDEMENTO CONCURSO DE PREMIOS ENTRE ESCOLARES NON UNIVERSITARIOS PARA A ELABORACIÓN DE DEBUXOS, BANDAS DESEÑADAS, CARTEIS E TRABALLOS DE REDACCIÓN SOBRE A EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN104A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

1.- SOLICITANTE

CENTRO				CIF			
RÚA/AVDA			Nº		LOCALIDADE		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	Nº C/C BANCARIA				

2.- DATOS DO/S CONCURSANTE/S

CURSO	IDADE/S	Nº DE CONCURSANTE/S
MODALIDADE TRABALLO PRESENTADO		

3.- ACTIVIDADE SOLICITADA

SOLICITA:

Participar no concurso de premios entre escolares de niveis non universitarios para a elaboración de debuxos, bandas deseñadas, carteis e traballos de redacción sobre a educación do consumidor, regulado pola Resolución do

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución conxunta do 29 de agosto de 2003, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e do Instituto Galego de Consumo, pola que se convoca concurso de premios entre escolares de niveis non universitarios para a elaboración de debuxos, bandas deseñadas, carteis e traballos de redacción sobre a educación do consumidor.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Presidente do Instituto Galego de Consumo

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 8 de agosto de 2003 pola que se dispón a publicación da relación de buques incluídos no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia, condiciona o acceso ó exercicio da actividade de explotación dos recursos mariños a aquelas embarcacións que estean inscritas no Rexistro de Matrícula de Buques e no censo de embarcacións pesqueiras e auxiliares de acuicultura de Galicia, ademais de contar coas habilitacións administrativas correspondentes. Esta vinculación da actividade pesqueira á inscrición no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia é reiterada no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer-la actividade pesqueira e marisqueira, que no seu artigo 7 estende a tódalas embarcacións que operan nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia ou que estean rexistradas nela. E no seu artigo 9 prevé que o dereito para obte-lo permiso de explotación está limitado ás embarcacións que estean inscritas no Rexistro de Buques da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

E, pola súa parte, o Decreto 424/1993, polo que se aproba o Regulamento da actividade pesqueira, limita o exercicio desta actividade ás embarcacións que teñan a súa base en portos do litoral galego e que estean incluídas no Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia.

Dado o elevado número de buques pesqueiros con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia, estableceuse o Rexistro de Buques como fórmula para controla-lo esforzo pesqueiro sobre os recursos mariños de xeito que aquel esforzo sexa compatible coa explotación equilibrada dos recursos. É por esa razón que a normativa condiciona o dereito de pesca á obtención do permiso de explotación e á súa inscrición no Rexistro de Buques Pesqueiros como mecanismo para garantir ese control.

O Decreto 420/1993, do 17 de decembro, veu refundi-la normativa vixente en materia de rexistros de buques e de empresas haliolimentarias e no seu artigo 4 inclúe o Rexistro de Buques Pesqueiros que teñan o seu porto base na Comunidade Autónoma de Galicia. O artigo 5 dese decreto advirte que o incumprimento desta obriga rexistral implicará a imposibilidade de exercer-la actividade de explotación de recursos mariños, con independencia das sancións ou da imposibilidade de ser beneficiarios de axudas ou subvencións ou doutros dereitos de que poida ser obxecto. É clara, polo tanto, a vinculación da inscrición no Rexistro de Buques Pesqueiros ó exercicio da pesca.

O rexistro ten por finalidade, ademais dun control do esforzo pesqueiro, dispor dunha información fiable e actualizada sobre a flota que radica en Galicia, o que non se consegue se non dispoñemos dun rexistro vivo, áxil e actualizado no que se recollan tódalas incidencias, situacións e modificacións durante a vida do buque rexistrado e, se é o caso, a súa desaparición. É necesario que o rexistro sexa activo co fin de obter un coñecemento completo e permanentemente actualizado deste sector polo que é preciso facer constar no rexistro os cambios de base efectuados, os cambios de titularidade ou as baixas por inoperatividade do buque e o resto das modificacións ou incidencias que lle afecten.

A Orde do 8 de maio de 2002 pola que se actualiza o Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen normas sobre a súa xestión e control, tivo a finalidade de proceder á depuración e actualización do Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia atendendo especialmente a aqueles buques que carecen do preceptivo permiso de explotación, condición esencial para poder exercer-la pesca, así como ós que deben ser baixa definitiva por ser irrecuperables, inoperativos, en desmantelamento, afundidos ou exportados, tal como se prevé na normativa básica do Estado en materia de actualización do Censo da Flota Pesqueira Operativa.

A depuración fíxose excluindo os buques con porto base fóra da Comunidade Autónoma de Galicia; os non incluídos no Censo da Flota Pesqueira Operativa da Secretaría Xeral de Pesca Marítima do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación; os irrecuperables, inoperativos, en desmantelamento, afundidos ou exportados; os que cambiando de lista saíron da terceira ou cuarta do Rexistro de Matrícula de Buques do Ministerio de Fomento ou foron retirados da actividade pesqueira; as baixas de oficio e os destinados a fins ornamentais; os incluídos no anexo II da Orde do 8 de maio de 2002 unha vez contrastados os datos, se é o caso; os que non dispoñen do preceptivo permiso de explotación.

Realizada conforme as previsións da orde citada a depuración e actualización do Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia, cómpre a súa publicación completa, en tanto que comprende a totalidade dos buques pesqueiros rexistrados, recollidos separadamente os da terceira e os da cuarta lista do Rexistro de Matrícula de Buques, e coa precisión do seu porto base.

O Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia ten que ser vivo, áxil e actualizado permanentemente, de xeito que os buques que se recollen nos dous anexos desta orde -o dos buques extractivos e o dos auxiliares-, reflectan con exactitude a totalidade da flota pesqueira galega existente neste momento.

A necesidade de actualización permanente dun rexistro vivo esixe que, desde agora, se proceda xa, de acordo ó procedemento previsto no articulado da Orde do 8 de maio de 2002, á introducción das